



Concello de Vigo
Expte. 4974/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 11/2025

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 12 DE XUÑO DE 2025

ORDE DO DÍA

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde
Aguiar Castro, Yolanda
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Caride Estévez, María José
Espinosa Mangana, Elena
Fernández Pérez, José Manuel
Gómez Díaz, Gorka
Iglesias González, Ana Laura
Iglesias López, Patricia
Lago Barreiro, M.^a del Carmen
López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana Maria
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, M.^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Benavides Alonso, Daniel
García González, Patricia
González Abeijón, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, M.^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Pérez Igrexas, Xabier

NON ASISTEN:

Estévez Rodríguez, Pablo Luis, concelleiro do grupo municipal Socialista
Martínez Piñeiro, Ana, concelleira do grupo municipal do BNG

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos (09:05) do día doce de xuño do ano dous mil vinte e cinco (12/06/25), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos



Copia do documento - Concello de Vigo
4993-1101

Data impresión: 16/07/2025 10:28

Páxina 1 de 5

CSV: A4AC8D-383631-533336-W2FQ4D-H15XSN-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

UNICO.(88). PROPOSTA DE ACORDO PARA DEMANDAR Á XUNTA DE GALICIA A IMPLANTACIÓN DUNHA FACULTADE DE MEDICINA NA UNIVERSIDADE DE VIGO. EXPTE. PLENO 4972/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 6 de xuño do 2025, a Alcaldía emite a seguinte proposta de acordo,

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Universidade de Vigo comezou a súa andaina no ano 1990, tras un longo proceso de loita e reivindicación. Trinta e cinco anos despois, é unha institución plenamente consolidada, froito do esforzo conxunto da sociedade, que concibe o coñecemento como motor de progreso e transformación.

Na actualidade, a Universidade de Vigo, considerada como unha das mellores institucións académicas do mundo, ofrece un total de 68 titulacións de grao. Resulta inxustificable que entre elas non se atope o grao en Medicina, especialmente cando a UVigo posúe tanto a capacidade docente como os recursos clínicos necesarios para acoller esta titulación.

A cidade de Vigo reúne todas as condicións para implantar a Facultade de Medicina: conta con profesionais altamente cualificados, unha infraestrutura hospitalaria de vangarda e unha demanda social clara, firme e sostida no tempo.

O convenio subscrito pola Xunta de Galicia coas tres universidades galegas en outubro de 2015 permitiu que a Universidade de Santiago de Compostela manteña a exclusividade na oferta do grao en Medicina. Este acordo contou desde un inicio coa oposición deste Goberno local, que leva solicitando de maneira reiterada a implantación da titulación en Vigo desde o ano 2010.

Vigo é a cidade máis poboada e economicamente activa do Estado español que carece dunha Facultade de Medicina, malia que a súa área de influencia supera o millón de habitantes.

Por estes motivos, elévase ao Pleno do Concello de Vigo, para ser tratada de forma urxente, a seguinte proposta de ACORDO:

1.- Demandar á Xunta de Galicia a inmediata implantación da Facultade de Medicina na Universidade de Vigo, garantindo que a docencia do grao se imparta no campus vigués.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2025 10:28	Páxina 2 de 5
4993-1101	CSV: A4AC8D-383631-533336-W2FQ4D-H15XSN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2.- Solicitar que se utilicen os tres hospitais clínicos existentes na cidade como centros de referencia para a docencia clínica, sen excluír o aproveitamento doutras instalacións sanitarias situadas nas cidades de Ourense e Pontevedra, que acollen os outros dous campus da UVigo.

3.- Esixir á Xunta de Galicia que habilite a correspondente partida orzamentaria e outorgue a autorización necesaria para a creación desta Facultade, garantindo que a súa implantación se financie con fondos adicionais e non en detrimento dos recursos xa asignados á institución académica para docencia e investigación.

4.- Instar á Xunta de Galicia a iniciar de xeito inmediato este proceso, dotándoo da cobertura orzamentaria precisa, que deberá estar reflectida nos Orzamentos Xerais da Administración Autonómica para o vindeiro exercicio 2026. En todo caso, esta partida económica que permitirá o lanzamento da Facultade de Medicina na Universidade de Vigo, non deberá ser inferior a 5 millóns de euros."

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 10 de xuño de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de substitución cuxo texto consta no expediente electrónico número 4975/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, poñente da proposta de acordo, non acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros presentes da Corporación, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e feito, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a proposta de acordo presentada, en data 6.06.2025 (Rex. Nº 4972/1101), pola Alcaldía, *"Para demandar á Xunta de Galicia a implantación dunha Facultade de Medicina Na universidade de Vigo"*, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno extraordinario xuño 2025 Facultade de Medicina na Universidade de Vigo
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Jueves, 12 de Junio de 2025 09:05:58
Fecha Fin : Jueves, 12 de Junio de 2025 09:45:54
Duración : 00:39:56

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3567



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2025 10:28	Páxina 3 de 5
4993-1101	CSV: A4AC8D-383631-533336-W2FQ4D-H15XSN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 535 MiB
Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/NQqBKasABa42hj1PGLwBIAftew9Dmx406SqK1uuWOkVod3uj.wmv>
SHA512 - 27bfc8b935a4ac8d1ad066cd034a67fb2fe50abe831898ae30efba70976095d18474106d798f0669c25a02468f0d05521199257396955398c3bf9bbc715767aa

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 279 MiB
Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/e1ZXY1zZuktxsn0c7EDnk3FGIwSyjWBEozNGPbDRjPqfjDxk.mp4>
SHA512 - 5920d793f3c8938933cdfdbe298f848b21fb882092aa7c078682c0d736ef0a48d003a477e70cd8e821494c6da90aef5cb19c6b44db00c959787dfdbe03f23856

- Minutaxe

- 00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Mamuel; Iglesias López, Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Pérez Iglesias, Xabier.
- 00:00:31 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:00:46 : UNICO.- Proposta de acordo para demandar á Xunta de Galicia a implantación dunha Facultade de Medicina na Universidade de Vigo. Expte. Pleno 4972/1101.
- 00:01:19 - López Font, Carlos
- 00:06:21 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:06:33 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:11:35 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:11:51 - Sanchez Mendez, Luisa María
- 00:16:44 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:16:51 - López Font, Carlos
- 00:19:50 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:39:10 - Votación [9:45:10]
- 00:39:56 : [FIN]

-- o --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás nove horas e corenta eses minutos (09:46) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2025 10:28	Páxina 4 de 5
4993-1101	CSV: A4AC8D-383631-533336-W2FQ4D-H15XSN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 11/2025, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2025.
am.

A PRESIDENCIA

Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Jose Villán Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/07/2025 10:28

Páxina 5 de 5

4993-1101

CSV: A4AC8D-383631-533336-W2FQ4D-H15XSN-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>